

Naquel momento as palabras non funcionaban no corpo de Xiana. O peso nos ombreiros era infinito. O cansanzo imparable. Sentía os ósos do corpo escachar un a un dentro da pel. A morte parecía próxima nos momentos lúcidos. As meniñas achicábanse ata chegar a un tamaño invisible. A vida parecía carecer de sentido no momento no que comezou a punzada no peito. As entrañas que se disipaban. Un mareo próximo, unhas luces que parecían chegar dende o outro mundo. Xiana decidira deixar de sentir como unha misión desesperada ante a dor. A sensación de desacougo estaba apoderándose cada vez máis do seu corpo. Estaba nunha situación claustrofóbica, nun lugar extraño. A vida que levaba ata daquela era sinxela mais vacía, eso era a que a levaba a estar alí. O medo percorría o sangue coma un rato famento en busca da saída do labirinto. As pernas comezaban a tremer esquecendo os últimos momentos de calma. A treboada asentábase na súa cabeza como un rebumbio infindo incapaz de parar. Os seus ollos apuntaban fixamente cara aquela porta que semellaba un pasaxe ao inferno, unha aceptación que estaba moi lonxe do riscos que quería tomar. Xiana sentía un pulso nas súas pálpebras, lóstregos entre os cabelos, un zumbido constante no oído. O terror era incomparable, a ansiedade crecente. Cando se abriu a porta e Xiana entrou na consulta o tempo semellaba estar retardado, e a cara que lle agardaba ao outro lado da porta transmitía unha placidez extraña, pero que aínda así, guiada por una forza sobrenatural, decidiu permanecer naquel lugar. Xiana volveu, e mentras ela regresaba a consulta o medo ía esvaecéndose entre as súas paredes, entre as palabras daquela muller que tempo despois se convertiu en refuxio, en caixa de pandora dos seus segredos. Xiana volveu, pero a ansiedade quedou pechada baixo chave. A Xiana deixáronlle de tremer as pernas cando miraba fixamente a aquela porta, e comezaron a brilarlle os ollos sabendo que pouco a pouco ía sanando, saíndo do pozo que nun primeiro momento semellaba non ter fondo.